

XOSÉ NEIRA VILAS ■ Autor de “Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego”

“Del Riego inspiroume para axudar a difundir o libro galego con Follas Novas”

“Dende Cuba, envielle obras de Sartre ou de Camus, que a censura prohibía en España”

SALOMÉ SOUTELO ■ Vila de Cruces

A editorial Galaxia acaba de publicar, dous anos e medio despois do pasamento de quen fora un dos seus impulsores, Francisco Fernández del Riego, o volume *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego. 1959-2007*, de Xosé Neira Vilas. O escritor cruceño recolle máis dun cento de misivas cruzadas entre Vigo e Bos Aires, La Habana e Gres, os “tres mundos” do autor de *Memorias dun neno labrego*. Neira Vilas xa está recompilando información para sacar á luz o seu epistolario con Isaac Díaz Pardo.

—Esta correspondencia durou case medio século ¿Cál foi o seu comezo?

—Pois arrincou en 1954 en Bos Aires. Daquela, dende as Mocidades Galeguistas —das que eu era secretario— entregóuselle a Del Riego un exemplar do seu primeiro libro, *Cos ollos do noso espírito*, que acababa de ser editado en Arxentina. Del Riego acudira á capital arxentina para dar unha conferencia ese 24 de xullo. A foto da cuberta recolle ese acto ó que tamén acudiron Alonso Ríos ou Suárez Picallo. A nosa relación continuou porque Follas Novas, que creí xunto coa miña dona Anisia Miranda en 1957, funciounou como unha representante de Galaxia en Arxentina. De feito, foi Fernández del Riego quen insinuou, tres anos antes, que máis que accionistas [daquela as accións custaban 1.000 pesetas], Galaxia o que precisaba era unha vía de difusión do libro galego. E as coincidencias non rematan aquí, porque volvemos atoparnos en 1972 nun congreso en Vigo sobre Rafael Dieste, e eu fun o último académico que entrou na RAG sendo el presidente. Hai, ademais, unha foto do noso último encontro en Vigo, un ano antes do seu pasamento e seis meses antes do de Anisia.

—Ademais de falaren das cues-



Neira Vilas posa co epistolario nas instalacións da fundación que leva o seu nome. // Bernabé/Gutier

tións relativas ás dúas editoriais, ¿qué outro contido teñen estas misivas?

—Intercambiamos ideas, falamos da censura e daqueles libros que non se podían publicar. Lembro que, nunha delas, Del Riego propón que eliminemos as dedicatorias dos libros por se non pasan a criba. Dende alén mar, eu enviáballe libros que naqueles últimos anos da ditadura aínda non se podían conseguir en España, como obras de Jean-Paul Sartre ou Albert Camus.

—¿Del Riego foi unha fonte de inspiración para personaxes como Balbino ou Sara, a protagonista de *Querido Tomás*?

—Pois non, pero Del Riego e Balbino están conectados. Hai dous anos, no Congreso Internacional do Ibby en Santiago, confirmouse que *Memorias dun neno labrego* foi o arranque da literatura infantil en galego. Pero en realidade, a edición sistemática desta literatura iniciase tres anos

FICHA PERSOAL

■ Nace en Gres en 1928. Emigra ós 21 anos a Buenos Aires, onde pón en marcha a editorial Follas Novas. Tras casar coa escritora Anisia Miranda, instálase en Cuba. Regresa a Galicia en 1992.

máis tarde, en 1964, cunha carta que eu lle envíe a Del Riego dende a praia de Guanabo, en Cuba, na que lle insisto na necesidade de editar literatura infantil. Posteriormente, indícolle os intereses literarios dos nenos por tramos de idade. A partir de entón, Galaxia colabora coa editorial catalana La Galera para traducir ao noso idioma *O abeto valente* e *O globo de cores*. É certo que os nenos xa lían as historias dos irmáns Grimm ou de Andersen, pero é que estas obras adaptáronse par aos nenos, e non se escribiron inicialmente para eles. Esta

relación con Balbino vai máis alá, porque Del Riego fixo unha crítica sobre o libro no xornal compostelano *La Noche*, e dende Cuba envielle 300 exemplares para distribuír en Galicia. É máis, o seu último traballo, que edita Ir Indo, é unha colaboración nunha homenaxe a min e a Balbino.

—¿Nunca lle mencionou Del Riego a súa intención de exiliarse debido á ditadura??